

ASOCIACIÓN PARA A  
DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)  
G15044811

O día 08.05.2023 recíbese no rexistro electrónico da Xunta de Galicia o escrito presentado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), en relación ao expediente de autorización e construcción do proxecto eólico Serra do Punago, promovido por Acciona Energía, S.A.U., nos concellos de Castroverde e Baralla (Lugo), (expediente LU 11/142-EOL), no que fundamentado nunha exposición de motivos que se recollen no escrito como "*fundamentos de derecho*", solicita que se declare a caducidade da vixencia da Declaración de Impacto Ambiental. En concreto:

- *"Que o órgano substantivo proceda como corresponda legalmente ante os feitos referidos, en orde a dar cumprimento á Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental e, por tanto, de declarar caduca a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental do proxecto eólico Serra do Punago, aprobada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental en data 25 de novembro de 2014, e publicada no Diario Oficial de Galicia nº 97, do 26 de maio de 2015.*
- *Que, por conseguinte, cese a producción dos efectos propios da devandita DIA, ao tempo que se declaren sen efecto e/ou nulos todos os actos administrativos posteriores vinculados á mesma.*
- *Que se suspendan todos os actos administrativos abertos ou en trámite relacionados cos expedientes de autorización, construcción e explotación do proxecto eólico Serra do Punago.*
- *Que se notifiquen en tempo e forma a ADEGA, como parte interesada no expediente, as diligencias ou disposicións que este organismo emprenda tras a recepción da presente solicitud, así como as relativas á modificación do proxecto solicitada polo promotor.*
- *Que se admita a ADEGA como parte interesada no oportuno expediente administrativo relativo á tramitación da declaración da caducidade da vixencia da DIA do proxecto eólico Serra do Punago."*

En resposta a solicitude recibida, compre inicialmente aclarar as consideracións sinaladas no escrito presentado como *fundamentos de derecho*, informándolle o seguinte:

**Primeiro.-** Conforme ao establecido na Declaración de Impacto Ambiental (en diante DIA) do proxecto eólico Serra do Punago, o día 7 de maio de 2021 ACCIONA ENERGÍA,

Dirección Xeral De Planificación Enerxética e Recursos Naturais  
Edificio Administrativo de San Caetano  
Bloque 5 – Planta 4<sup>a</sup>  
15781 Santiago de Compostela



S.A.U., comunica que a data de inicio das obras deste parque eólico terá lugar o 20 de maio de 2021.

Para a posta en marcha da instalación, a empresa promotora debe contar coa Autorización de explotación, que se tramita unha vez construídas as instalacións autorizadas, e con carácter previo á súa posta en servizo, polo que non procede no inicio da obra comunicar a posta en marcha da instalación.

Así mesmo, conforme o sinalado na DIA a promotora presentou o día 15.03.2021 o informe de situación pre-operacional, no que se inclúe o estudo faunístico preoperacional deste parque eólico, realizado o 15 de marzo de 2021, segundo o sinalado no Programa de Vixilancia Ambiental desta instalación. Documentación que foi trasladada ao órgano ambiental, que finalmente informa favorablemente o 12.04.2021:

*"Esta dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, conclúa que a vista do informe presentado "Informe Situación Preoperacional", cumple o requerido na D.I.A. O mencionado informe comprende un anexo I con un reportaxe fotográfico; un anexo II onde se detalla un estudio acústico; un anexo III onde se describen os análisis e a calidad das augas; e por último un anexo IV con un estudio faunístico, metodoloxía aplicada e informes de programas de vixilancia e seguimento ambiental. Todo elo cumple as condicións establecidas no punto 9, da D.I.A, de 26.11.2015 sobre o Programa de Vixilancia e seguimento Ambiental. Polo tanto, entendese viable dito informe."*

**Segundo.-** A avaliación de impacto ambiental deste proxecto concluíu o día 22.11.2014 coa formulación da DIA relativa ao proxecto do parque eólico Serra do Punago, publicada no DOG nº 97, do 26 de maio de 2015, finalizando así o trámite ambiental. Sendo así, non procede que o órgano substantivo entre en análises complementarios, nin na valoración doutros efectos ambientais.

Non obstante, como documentación complementaria para a súa consideración no seguimento ambiental desta instalación, a autorización previa e de construcción deste parque eólico obrigaba a que previo ao inicio das obras, o promotor presentase un estudo ambiental de sinerxías que inclúa ás infraestruturas de evacuación, así como as posibles afeccións a infraestruturas próximas.

O día 07.05.2021 Acciona Energía, S.A.U achega o referido Estudo de sinerxías deste parque eólico.

**Terceiro.-** Acciona Energía S.A. comunica que a data prevista de inicio de obras era o 20 de maio de 2021.

**Cuarto.-** A resolución do 1 de setembro de 2020, pola que se outorga autorización administrativa previa e de construcción ás instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Serra do Punago, sito nos concellos de Baralla e Castroverde (Lugo), establece que:



*"Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas."*

**Quinto.-** Conforme ao sinalado nos anteriores apartados terceiro e cuarto, as autorizacións outorgáronse independentemente das licenzas ou permisos de competencia municipal e foi comunicada a data de inicio da obra. En liña co establecido no artigo 43. da Ley 21/2013, de avaliación ambiental:

*"Para os efectos previstos neste apartado, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución do devandito proxecto ou actividade".*

**Sexto.-**A referida documentación: Acta do inicio de obras, Libro de Subcontratación da Obra, Libro de Incidencias da Obra, Acta da reunión previa ao inicio de obra, Acta de inicio de obra realizada pola consultoría encargada do seguimento ambiental e arqueolóxico das obras, non forma parte do expediente de autorización administrativa previa e de construcción do parque eólico Serra de Punago (LU-11/142-EOL).

Por todo o exposto, esta Dirección xeral no procedemento de autorización de parques eólicos, vai seguir cumplindo coas obrigas legais vixentes en liña co establecido na normativa do sector eólico e na normativa ambiental.

**Sétimo.-** O día 7.05.2021 ten entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, o escrito presentado por Acciona Energía SAU, en relación coa documentación esixida:

*"I. Que de conformidad con los condicionantes 1 y 4 de la RESOLUCIÓN se adjunta en este acto la documentación que a continuación se expone:*

- Cond. 1: Resguardo de depósito de la fianza, en la CX de Depósitos de la Xunta de Galicia, por importe de 191.520 € (Nº registro 672/2021) para garantizar el cumplimiento del deber de restaurar los terrenos ocupados por el PE Serra do Punago en la fase de obras y justificante de su presentación ante el organismo al que nos dirigimos, con fecha 3/05/2021.*
- Cond. 4: Estudio de los efectos acumulativos y/o sinérgicos del PE Serra do Punago.*

*"II. Que de conformidad con lo requerido en la DIA, de fecha 25/11/2014 (DOG nº 97, 26/05/2015), se adjunta en este acto la siguiente documentación:*

- Planos de planta conforme a lo indicado en la DIA.*
- Autorización para la realización del control y seguimiento arqueológico del PE Serra do Punago junto con la documentación presentada para la obtención de la citada autorización.*
- Justificante de presentación, ante el organismo al que nos dirigimos, del informe de situación pre-operacional (Que incluye el estudio faunístico preoperacional) del PE Serra do Punago de fecha 15/03/2021.*



*III. Que se pone de manifiesto que la planta de hormigón incluida en el proyecto autorizado del PE Serra do Punago finalmente no va a ser instalada.*

*V. Que se comunica que la fecha de inicio de las obras del PE Serra do Punago tendrá lugar el 20 de mayo del 2021.*

*VI. Que adicionalmente a la documentación anteriormente referida se procede adjuntar en este acto el nombramiento del director de obra y comunicación de nombramiento de vigilancia ambiental.”*

**Oitavo.-** Finalmente o día 26 de maio de 2021 iniciáronse as obras de construcción do parque eólico Serra do Punago, consta unha reportaxe fotográfica.

O día 21 de xuño de 2021 a empresa promotora informa que o 18 de xuño de 2021 recibiron un escrito de Nordex Energy GmbH polo que se comunica que está paralizada a venda e producción do modelo de aeroxerador AW116/3000 contemplado no proxecto do PE Serra do Punago (achegande como Anexo o escrito de Nordex Energy GmbH) e que á vista do indicado é necesaria a paralización das obras iniciadas dado que é necesario presentar un modificado do proxecto autorizado co obxecto de adaptalo á nova situación xerada.

**Noveno.-** O 14 de decembro de 2021 a empresa promotora presenta o proxecto modificado. Esta Dirección xeral, debe estudar a nova proposta e solicitar os informes precisos co obxecto de determinar se os cambios introducidos poden producir diferenzas nos efectos ambientais previstos, para definir o correspondente procedemento de tramitación.

Por todo o exposto, e dado que as obras do parque eólico Serra do Punago foron iniciadas antes da perda de vixencia da DIA, non existen motivos para considerar que dita DIA non estea vixente, polo que non procede atender as cuestións solicitadas por esa entidade, en concreto:

- Declarar caduca a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental
- Que cesen a producción de efectos de dita DIA, declarando sen efecto ou nulos os actos administrativos posteriores
- A suspensión de todos os actos administrativos abertos ou en trámite relacionados cos expedientes de autorización, construcción e explotación do citado parque

En consecuencia, non procede tampouco considerar a ADEGA como interesada en expediente algúun aberto polos motivos indicados, respuesta a ao non existir os referidos expedientes.

Santiago de Compostela, na data indicada na marxe esquerda

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais  
(asinado electronicamente)

Pablo Fernández Vila

